

Decreto.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo convocado por este concello, bases íntegras publicadas no BOP núm. 246, do 23.12.2024, e modificación publicada no BOP núm. 89, do 13.05.2025, e publicadas en extracto no DOG núm. 11, do 17.01.2025, e modificación publicada no DOG núm. 92, do 15.05.2025, e na páxina web e taboleiro de anuncios do concello, derivado da convocatoria mediante promoción interna, polo sistema de concurso-oposición dunha (1) praza de técnico de deportes, persoal laboral fixo, correspondente á oferta de emprego público deste concello para o ano 2024, e á vista das solicitudes presentadas, e resultando que non se advirten erros nin deficiencias nas instancias achegadas polos aspirantes, consonte co disposto na base 5.1., resolvo:

1º) Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para a provisión desta praza.

Admitidos:

TRIGO ROMERO, JOSÉ MANUEL. DNI: ***8715**.

Excluídos:

Ningún.

2º) Nomear aos membros do tribunal cualificador que estará composto polas seguintes persoas, que celebrará sesión constitutiva na Casa do Concello o día 14 de xullo, ás 9,00 horas:

Presidenta: María Dolores Torrado Ares.

Suplente: María Victoria Varela Rodríguez.

Secretario: Javier Nieves González.

Suplente: Alberto Álvarez Escudero.

Vogais:

Titular: María Dolores Landeira Liñares.

Suplente: María del Pilar Martínez Vaqueiro.

Titular: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Suplente: Águeda Paz Seijas.

Titular: Luis Taboada Hervella.

Suplente: Mónica Arias Carriba.

3º) Convocar ao aspirante admitido, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio que terá lugar o día 14 de xullo de 2025, ás 12,00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello. Coa finalidade de acreditar a súa identidade as persoas aspirantes deberán presentar o DNI ou, no seu defecto, permiso de conducir ou pasaporte. Así mesmo, deberán acudir provistos de bolígrafo azul ou negro.

4º) Publicar esta resolución na web municipal e no taboleiro de edictos do concello, consonte co disposto na base 5 da convocatoria, para os efectos de xeral coñecemento.